

**GOLFIÑO 4**



**IES CABO ORTEGAL  
CARIÑO**

## PRESENTACIÓN

Un ano máis chega a cita do GOLFIÑO. E xa van catro anos, ¡quen nolo ía dicir!, e aínda queda mecha para máis.

O número deste curso é un tanto especial, ¡e tan especial! como que só hai dous monográficos:

+ A boa nova do renacemento da nosa emisora RADIO FORZA 8, aínda que fora dun xeito experimental e para acudir á Mostra do Ensino en Ferrol cun programa elaborado polos alumnos e alumnas de 1º de Bacharelato.

+ A publicación dos traballos gañadores e finalistas do VIII Certame Artístico-literario de San Andrés de Teixido do ano 2001, organizado polos centros IES de Cedeira, Ortigueira e Cariño.

Mostrar o noso agradecemento a tódolos participantes neste número así como aqueles outros que fixeron posible á saída deste novo GOLFIÑO.

# ÍNDICE

- 4- RADIO FORZA 8  
 5- PROFESOR EN ALASKA  
 7- EXCURSIÓN Á MOSTRA ENCINO  
 9- VIII CONCURSO SAN ANDRÉS DE  
 TEIXIDO

## POESÍA

Israel Iglesias Pena : *Alto, moi  
 alto, tocando o ceo.*

Patricia Pita de Navasqües : *Unha  
 terra chamada Ortegai*

Agustín Cuevas Fraguela : *Navega,  
 navega mariñeiro.*

FINALISTAS

## NARRATIVA

María Belén prieto Caneiro :  
*!!! VIVE !!!*

David Vilela Freire : *A vella e  
 o percebe.*

Rodrigo Nieto Garcinuño : *San  
 Marcos.*

FINALISTAS

## EXPRESIÓN PLÁSTICA

Jorge Lozano Soneira

Ramón Nieto Garcinuño

Víctor Ares Martínez

Sarai López Rey

Roberto Soto Rey

## RADIO FORZA 8

Como sabedes, se algo hai de especial neste instituto é que é un dos poucos centros de Galicia que conta cunha radio escolar. Xa, ides dicir ¿onde está?, ¡non funciona! e demais. ¡Vale, é certo! Mais as cousas poden cambiar se todos lle botamos un pouco de boa vontade e ilusión, deste xeito recuperar unha exitosa historia de oito anos (1988-1996). Un grupo amplo de alumnas e alumnos de 1º de Bacharelato respostamos á chamada que nos fixo o noso profesor de Filosofía Arturo L. Regueiro, quen antes de selo fora guionista e locutor de radio. O obxectivo era elaborar un programa para a Mostra Ensino que se ía celebrar en Ferrol a principios de Maio e ver tamén de sentar os alicerces para que no vindeiro curso se puidera realizar unha actividade extra-escolar centrada na aprendizaxe das diferentes técnicas audiovisuais e poder volver a emitir programas de radio desde o noso centro, como hai anos.

### *Gravación dun especial*

Para levar á Mostra Ensino preparamos un programa especial no que nos propuxemos contar un pouco quén eramos e qué faciamos en Cariño. Saímos a entrevistar a diferentes persoas relacionadas coa vida do centro e a vila; falamos co alcalde, co presidente da Apa, coa directora, con alumnos e alumnas que nos expresaron a súa opinión sobre vivir en Cariño e estudar no Cabo Ortegal.

Quixemos contar tamén a historia da nosa emisora RADIO FORZA 8, traxectoria que nós estamos orgullosos de retomar e con gañas de aumentar. Así tamén entrevistamos a varios veciños de Cariño que traballaran na radio antes ca nós e contáronnos as súas experiencias, o ben que o pasaron e o moito que aprenderan facendo radio no instituto. Que RADIO FORZA 8 volva ser unha realidade dinamizadora da vida escolar e municipal é cousa de todos, de nós, os que estudiamos no IES Cabo Ortegal, e dos veciños de Cariño, todos precisamos un medio de expresión das nosas ideas, inqedanzas e realidades.

As compañeiras de 2º de Bacherelato A, Mónica Pita e Ana Yáñez tamén viñeron con nós a Ferrol para tocar e cantar en directo tres temas musicais coas súas voces e guitarras, coa calidade e bo facer ós que nos teñen acostumadas. Faláronnos tamén das actividades da Rondalla de Cariño e da

xente da nosa vila que estudia música no conservatorio, das dificultades e logros que están a facer.

## *Profesor en Alaska*

Pasámolo moi ben cos ensaios aínda que temos que aprender. A nosa intención de levar case todo o programa gravado da emisora veuse frustrada polas limitacións técnicas. Non por iso o deixamos de intentar e gravamos un episodio de "Profesor en Alaska", unha idea do noso profesor Arturo L. Regueiro. No control técnico estiveron Valentín Breijo de 2º ESO B, Marcelo Cortés de 4º ESO B e Eloy Landrove de 1º ESO A, sendo os locutores os compañeiros Iván Armada, Israel Iglesias, Pablo Piñeiro e Sara Salgueiro de 1º BACH. A.

### PROFESOR EN ALASKA

1º TEMA DE THE WONDER YEARS sobre 1', logo de estribillo baixa música e

IVÁN:

Quén me ía dicir a min que cando no ano 78 nunha tarde de verán chea de música e de choiva coma na miña vida vira caer, ben apretadiño, moi arrimado a unha moza de fermosos ollos verdes, tentando darlle o que sería para min o meu primeiro bico, e ela que nada, que non se deixa bicar a pesares de que non tivo inconveniente ningún en me soportar durante cinco horas de viaxe nas que non parei de falar, pois alí, na procura dun sitio enxoito atopo ó meu compañeiro de clase Quico e ós seus irmáns que teñen coche, que nos acollen e nos levan á súa casa para nos cambiar de roupa, e abraiados preguntámoslle ónde demo está a súa casa, que moitas voltas estamos a dar, ¡que mareo pero que ben! porque por fin a mocíña dáme o ansiado bico cando e por fin tamén chegamos onde viven estes colegas, este pobo chámase Cariño.

SUBE MÚSICA

PABLO: ¿Oes, este de que vai, de contar batallías?

ISRAEL: A min non me digas, eu acabo de chegar...

SARA: ¡Calade oh! Que estaba o conto moi romántico...

PABLO: ¡Ala!, xa saíu a outra co seu sentimentalismo

ISRAEL: ¡Boh!, deixádevos de lerías, e a ver que lle pasa a este tipo...

MUSICA HEAVEN 17 APROX 1'

IVÁN:

¿Quen me ía dicir a min que tardaría dez anos en volver? iso si na compañía doutra moza de fermosos ollos verdes, e outra volta co meu compañeiro Quico fariamos a mesma viaxe da vez anterior, só que esta vez para percorrer un territorio cheo de pintadas reivindicando a segregación, pintadas a favor da independencia...

SUBE MUSICA

PABLO ¿Segregación racial?

ISRAEL ¡Non, ho!

PABLO ¿A independencia de Galicia?

ISRAEL ¡Non, ho!

SARA De Cariño, que non te enteras...

SUBE MUSICA

IVÁN

E berrando "Por un Cariño ceibe" enchemos a barra dunha discoteca de botellas de cervexa, de risas e caralladas, sobre a procura de cariños, amores, lígues... libres,

xa que a barra non o era... ben, quero dicir, que moita ilusión política, moita leria, pero o "clavo" logo de tantas cervexas foi de abanear... E abaneando saímos da discoteca aquela, bébedos e risoños....

SUBE MÚSICA HEAVEN 17 CORTE 5:10 ATA 6:25

IVÁN

¿Quen me ía dicir a min que ese mesmo ano o meu amigo Quico de Cariño e eu de Compostela comezaríamos unha longa contrata de turismo subvencionado a cargo da Consellería de Educación, que a el o devolvería ás terras de Santiago e a min me levaría ata o cálido sur da fronteira con Portugal e alí seguiría se no concurso do ano 98 e sen pedilo...

SUBE MUSICA

PABLO            ;Ala!, xa estamos outra vez coas batallíñas...  
SARA             ;Déixao falar, oh!  
ISRAEL          Si, home, que vai dicir que o mandaron para Cariño

MÚSICA BLADE RUNNER

IVAN

Descubrir e experimentar a emocionante filosofía das curvas...

SUBE MUSICA

Coche xaponés, motor francés, música americana  
e unha curva que levará o meu nome nunha cruz....

SUBE MÚSICA

PABLO            De que fala este.  
SARA             Déixao que conte.

SUBE MUSICA

IVÁN

Ver as luces da ría de Ferrol desde o alto de Magalofes,  
as néboas do Belelle, a bocarribeira de Anca...Vista alegre, San Sadurniño. A garda civil multando nas rectas de Balocos... O xelo na baixada de Abarqueira. Os camións en Mera darriba. E agardando por unha curva, esa curva que levará unha cruz co meu nome.

SUBE KING CRIMSON

SARA

¿E por que non aceptas o que tes e deixas que o vento te mova coma os xeneradores da Capelada, cárgate de enerxía con nós  
e sinte como chega ata ti o sol que agora sae sobre a Estaca?

SUBE MUSICA

ISRAEL

Deixa que o sol te acaríñe, deixa que o vento te encha,  
non te laies da túa sorte porque chegaches a bo porto.

SUBE MUSICA

PABLO

¡Benvido sexas ó norte!


SUBE DOCTOR EN ALASKA

## Excursión á Mostra Ensino de Ferrol



Aquí nos tendes ós de 1º de Bacharelato nun dos primeiros días de calor logo de tantos meses de mal tempo camiño de Ferrol para ver a Mostra Ensino e realizar o noso programa de radio. Iamos coa idea que este sería emitido en directo, cousa que tiña moi nervosas ás nosas compañeiras locutoras (Antonio non te mosquees pero a maioría manda). A sorpresa chegou cando nos enteramos que non era necesario e o guión que levabamos preparado excedía un pouco as posibilidades técnicas e de realización da emisora da Mostra. Comezaron entón dúas horas de forno e repeticións que decepcionaron un pouco ó resto dos compañeiros que acudiran coa idea de estar na Feira de Mostras a escoitar o programa e a dar

ánimos. Pola megafónía só se escoitou de cando en vez algo do que estaban a facer. Ó final quedaron sobre uns 50 minutos de programa que se repetiu unhas tres veces nos seguintes días da Mostra, pero xa non era o mesmo.



das universidades galegas recabando información, xogando



Esgotados e suando, pero contentas logo da experiencia as nosas compañeiras deixaban o estudio de radio para facer a visita da mostra nos escasos dez minutos que faltaban para coller o autobús. Nós que tiveramos máis tempo estivemos ollando os diferentes postos de outros institutos da bisbarra, os cos diversos medios e montaxes que repartidos por todo o local nos permitiron non só divertirnos senón tamén voltar con máis coñecementos sobre as posibilidades para a nosa educación.





VIII CERTAME ARTÍSTICO-LITERARIO SAN ANDRÉS DE TEIXIDO



San  
Andrés  
de  
Teixido

## 2º Premio de poesía

### UNHA TERRA CHAMADA ORTEGAL

O ceo, a terra e o mar  
 xuntos constituíron o noso Ortegal  
 terra silvestre sen par,  
 perdida na fusión de mares e océanos,  
 que en tempos moi antigos  
 só a pudieron albiscar e contemplar  
 os que anhelaban un lar;  
 un lar derradeiro moi agreste e ceibo  
 coma os que nunca se dan;  
 que sen máis coitas deron en atopar  
 na rexión do Ortegal:  
 que neste momento fainos acordar  
 un pasado glorioso,  
 con importantes ourives e torques,  
 que nos vai identificar.  
 Viaxamos no presente,  
 sen esquecer o do noso pasado,  
 coma novas sementes,  
 en navíos moi cheos de sentimentos  
 que nos levan a rentes  
 do noso lugar, a punta do Ortegal.  
 Cantís e montañas,  
 situados neste mar e nesta terra,  
 que remataban coa espera  
 dos ferísimos barcos celtas.  
 Testemuñas vivas deste momento,  
 símbolos do pasado,  
 sentimentos para os que marchaban  
 que xamais olvidaban;  
 deixando soa, abandonada a súa terra  
 onde só había amarras.  
 Pola súa fermosura e virtude,  
 e ninguén de ningures  
 que vexa ou percorra esta terra nosa  
 prendado, sen alma e só quedará.

Patricia María Pita de Navasqües  
 4º E.S.O.  
 I.E.S. CABO ORTEGAL

## Terceira premio de poesía

### NAVEGA, NAVEGA MARIÑEIRO

Navega, navega mariñeiro  
 Navega sen o teu barco  
 Navega coa túa alma  
 O seu barco é a súa alma  
 Ó mar eu vou morrer  
 ique lindo é o meu traballo!

A miña patroa é a Virxe do Carme  
 i que fermosa é a miña patroa!  
 i que fermosos son os Tres Aguillóns!

meu mariñeiro que arrisca a súa vida  
 para trae-lo pan para a súa casa,  
 i que fermoso é o mar cando lle  
 pega a lúa no seu reflexo !

As túas algas qué fermosas son  
 tan fermosas como a vida dun  
 mariñeiro.

Agustín Cuevas Fragueta

4º E.S.O.

I.E.S. CABO ORTEGAL

## Finalista de poesía

### CARIÑO, POBO MARIÑEIRO

Cariño, pobo mariñeiro  
que leva o mar por bandeira

Os mariñeiros van pescar  
e de alba hai que madrugar,  
pero eles van faenar,  
non lles queda outro remedio  
para os seus fillos poder cuidar.

As mulleres érguense cedo  
para os seus fillos despertar  
os nenos van á escola,  
as mulleres a mariscar  
mentres os homes a faenar están.

Tamén hai mulleres traballando  
nas casas, cosendo e fregando,  
mulleres como a miña hai,  
sufrindo polos seus maridos  
que no Gran Sol están.

Tamén hai outros traballos,  
traballos como os demais,  
pero nunca son,  
tan duros como o mar,  
onde hai que ir moitas millas alá.

David Novo López

2º B.A. C.H.

I.E.S. CABO ORTEGAL

## Primeiro premio de narrativa

# iiiVIVE!!!

Sabías que non ía se-lo teu mellor día, pero igualmente fixéchesnos entrar en razón para que fosemos a San Andrés. Xoán estaba incomodado contigo e ti sufrías co simple feito de mirarlle ós ollos; coa súa presenza.

De tódalas maneiras empurráchesnos a dá-lo paso de ir en romaría a aquela aldeíña perdida no medio dunha paraxe fermosa e acolledora onde se respiraba aire fresco e mergullábaste nun mar de fragancias das diversas árbores.

"Ir a San Andrés", dicías, "é unha experiencia única, incomparable". Explorando a través dos camiños cheos de caruma e rodeándote daquel silencio sobrecolledor da serra onde só se ouvía o son dalgún paxaro ou o estalo das pólas, como tamén o da follaxe apiloada desordenadamente entre as árbores das que caera.

¡Moi ben coñecías aqueles sendeiros retortos e enmarañados de cruces sen saída! "Sempre camiñando á dereita", comentabas fitándome con eses teus ollos negros e cheos de tristeza. Cando rías iluminábaseche o sorriso dunha forma peculiar, incomparable no mundo enteiro.

Seguindo o teu paso, íamos todos moi pensativos, calados. Ti tíña-lo presentimento de que ese día non ías ter máis que problemas. ¡Non te enganabas en absoluto!

Sáímos de Cedeira, o teu pobo natal, xa á tardiña, coa intención de chegar á última misa da capela. Con bo ritmo fomos dende as Pontigas ata a carón dun muíño, en desuso facía anos; atravesámo-los terreos co trigo xa para segar.

Gustábache aquilo: percibir a natureza con tódolos teus sentidos, pasar entre as espigas que se abaneaban coa leve brisa do verán. Dirixímonos por un camiño moi empinado chegando axiña á estrada medio asfaltada que conducía a un casal solitario

no alto do outeiro, coas casiñas inundadas do olor ós agros, ós animais. Dous velliños saudáronte e desexáronnos unha boa viaxe. Máis aló do casal, chegamos á pista do Batán, que dicían que construíran os romanos, pero ti sempre con argumentos en contra repetías unha e outra vez que foran os campesiños do lugar os que colocaran as pedras para pasar mellor cos seus carriños de madeira tirados por mulas.

Case ó final, fomos camiñando pola calzada principal ata o Camiño Vello, por onde baixaban os romeiros. Xa se vía a aldeíña cando quitáche-la pedra do peto da bolsa e guindáche-la nun montón delas cunha cruz chantada no cumio.

A iso chamácheslle milladoiro, e cada laxe significaba a petición individual de tódalas persoas que as depositaran alí ó descender pola costa.

Deunos o tempo xusto a chegar e oír os últimos instantes da misa. Ceamos algo e andamos ata a fonte dos tres canos, de cada un dos cales tiñamos que beber e pedir tres desexos. Montámo-las tendas alí mesmo e comezamos a falar das lendas típicas.

Xa eran as tantas da mañá cando pelexaches definitivamente con Xoán. ¡Foi a pinga que colmou o vaso! Rompestes o voso noivado de anos nun intre. Eu non sabía qué facer, se abrazarte mentres chorabas ou simplemente tratar de tranquilizarte; pero aínda así, estiveches moito tempo desacougada.

---

×

---

Chegamos a mediados de xullo e fuches a Cariño. Eran as festas do Carme, e coma tódolos anos, non te perdía-la procesión, tanto da Virxe polas rúas da zona vella coma a do mar. Os barcos costeaban ata os Aguillóns, onde chimpaban coroas de flores polos mariñeiros sorprendidos pola oleaxe e afogados no mar mentras traballaban.

Foi nesa viaxe marítima na que non pararon alí, sonón que case chegaron ó porto de Cedeira. Nunca te fixaras naquel

acantilado perigoso, o das Baterías, onde tanta xentiña de Deus morrera.

Estabas tan mergullada nunha depresión que o primeiro que se che pasou pola cabeza foi que alí era un sitio precioso para falecer. Coa túa mente desquiciada, non se che quitou do pensamento nin un momento.

Dende aquel día ías sempre sentar na beiriña do cantil e ollar o mar. Semellábache que te chamaba. Ti eras feliz fitando a espuma producida polo bater das ondas na costa desigual. Parecía o mesmo inferno o que te estaba a reclamar. "¡Vente comigo, María, e pasearás eternamente polos mares da túa terra querida!". Observabas os paxaros atrevidos que se achegaban ata os penedos para atrapa-lo seu alimento. Ti cobizabas ser coma eles: poder nadar nesas augas turbas e revoltas sen sufrimento nen desesperanza. Sufrías de saudade e ninguén podía facer nada por ti. A túa imaxinación dañada voaba máis alto que a nube máis elevada e mirabas atentamente o océano dende o ceo.



Uns días despois de finaliza-lo mes de agosto, deixaches de ir. Semellabas recuperada xa da túa doenza. Volvías se-la mesma María de sempre, con eses teus ollos profundos e melancólicos que emanaban vitalidade a borbotóns. Refixeras a túa vida, volviches discutir e rebater cos teus infindos argumentos calquera opinión que os demais espuxeran. Sempre te saías coa túa, solucionando tódolos problemas optando por confundirnos máis e sempre gañando ti: "Xa que tanto defendéde-lo tema e tan a favor estades da cuestión, ¿como é que vos deixades avasalar e envurullar cun simple par de criterios en contra? ¡Non me veñades con esas lerias de que téde-las ideas tan claras!"



Pasou un ano e ti sempre estabas alí; sempre. Xamais deixaches de sorrir e se-la amiga de decote. Pero ese ano foise e con el tódolos bos recordos. Voltou o verán e, por suposto, Xoán.

Á primeira vista non che sentou mal. Saudáchelo e décheslle dous beixos. Endexamais pensei que lle volverás mirar ós ollos e preguntarlle se era feliz, e retornar a discutir sobre a pregunta infinita: "e, ¿pódese saber que é a felicidade concretamente?"

Sen embargo, seguiches adiante. A mediados do mes de xullo fuches ó Carme, e en Agosto vivíche-la Patrona do teu pobo con plenitude.

O día da procesión do mar subiches ó barco da Virxe. Chegastes navegando ó precipio onde non voltaras máis. Daquela foi cando ollaches cara as gaivotas aventureiras e elas miraron para ti. Unha delas voou ata a borda do barco e ficou queda, inmóbil, observándote con aqueles olliños bulidores. Nese intre soupeches do teu destino: aquelas augas alporizadas por correntes traicioeiras.

Despois xusto de baixar do barco corriches cara a aquel lugar. Ó chegar paraches en seco na ribeira da terra e logo ó cantil. Sentaches a pensar durante uns segundos se era iso o que querías. Con vinte anos decidírate a deixar de existir fisicamente. Ergúcheste e miraches as ondas infernais que agochaban rochas no seu seo. Sorriches e deixaches o teu corpo inclinarse cara a diante. Xa case perderas o equilibrio cando che saltou á cabeza o remorso da dúbida, agora eras ti a que te contrapuñas. Agarraches con forza o sinal que había ó teu lado e choraches. ¿Que estabas a facer? ¿Por que querías morrer alí?

As poucas raíces, que soportaban a terra onde te atopabas, racharon cos teus movementos bruscos e precipitáronte ó mar. Chorabas ó caer e as augas mesturáronse coas túas bágoas puras, pero fuches engulida e golpeada pola furia mareira.

Pensabas en que xa non voltarías ir a San Andrés a pé, ou a vivir o entroido de Cariño comendo chaolas e freixós: o freixó do gato era o máis saboroso. Ou celebra-las festas da Patrona, do Carme, do San Bartolo, como ouvir á túa bisavoa contarche historias da Santa Compañía, lendas sobre mouros, tesouros, fadas e animais fantásticos e acurrucarte ó carón do lume e adormecer co son das ponlas ó estalar. ¿Como ías come-los



rosarios de castañas feitas no forno da cociña de leña ou ir ás novas romarías?

- 
- X
- ¡Que!, ¿que che parecen as lembranzas que teño de ti?
  - .....
  - ¡Sabía que che gustarían! Posiblemente sexa ó que me dedique, ó periodismo; e de paso, publico estes recordos.

---

X

Ana fitou a María que sorría. Estaba moi guapa naquela foto. Ana notou que lle esvaraban as bágoas pola face e sorriu: "Alédasme só co teu recordo, miña querida amiga. De tódalos modos sei que segues aí, voando entre a brisa mareira e alporizando ás gaivotas coas túas arroutadas de cambios de humor: agora fai sol; agora escintilea".

- ¡Aínda dás guerra!, ¿non?
- ¡Abur, miña amiga!

Ana fíxose o sinal da cruz e seguiu o carreiro de pedriñas que levaban á saída do camposanto. Voltou a cabeza e dixo nun murmurio:

- Semella mesmamente que representes aquel milladoiro que nos mostraras e este camiño, a pista do Batán.

**MARÍA BELÉN PRIETO CANEIRO**

**COU**

**IES CEDEIRA**

## Segundo premio de narrativa

### A VELLA E O PERCEBE

Un día, aí atrás,( tan só uns cantos miles de millóns de anos ), cando Deus andaba a argalla-lo mundo, tivo un erro fatal. Home, si, claro, coas présas ... ¡Facer todo en 6 días!. ¡Así saen logo as cousas!. Rápido pero mal.¡Hai que tomalo con calma, que con présa non se chega a ningures, ¡ nin que se acabase o mundo! ( Nunca mellor dito ).

Pois ben. Andaba El creando nos seres e ía polo “P” do manual de creación: “Cómo crea-lo mundo en 6 días e tirarse á bartola ó séptimo”:

- A ver ... ¡porco! - ¡ zas !. Porco creado-...¡ polbo! - ¡zas!. Polbo creado - ... ¡Aí!. ¡ Salteime un!. A ver ... si ... ¡ ahá!: “Auga, lume, saraiba e neve;

polos poderes que teño,

quero que apareza... ¡ o percebe !”.

E así naceu o percebe. Pero aquí non remata a cousa, porque resulta que rondaba por alí unha lingua que escapara do bote en que estaba.

-¡Pero home!, ¿ qué fas aquí? - dixo Deus- ¿Non che dixen que xa te chamaría cando me fixeses falla?.

Pero a lingua, nada, nin caso, seguiu correndo e colouse nun percebe. Ó instante, éste comezou a falar polos cóbados. E dixo Deus:

-¡Cago na lingua!. ¡ Xa escarallou todo!. ¿ Onde se viu un percebe parlante?. ¿Que fago eu agora?. ¡ Sabe Deus ! ( de aí a expresión ).

Ben, facer, non fixo nada, así que, por instinto, o percebe foise reproducindo, e algún dos seus descendentes chegou ata hoxe. Esta é a historia dun deles:

Isolina era unha velliña que vivía a carón do río. Vivía sola, pois o marido morrera había tres anos. A soidade púña triste, por iso lle gustaba tanto saír a pasear.

Pois un día decidiu dar unha volta pola costa para que o romper das ondas e as gaivotas lle fixesen compañía.

Camiñou durante horas por eses fermosos cantís de Ortegá. Percorreu tódolos recunchos coñecidos da costa da súa vila. Visitou tódolos niños de gaivotas que había, e, para disimular a súa soidade, mesmo se facía a tola:

- ¡Non, non, señora gaivota! Non me podo quedar a toma-lo té. Xa é tarde dabondo.

Tamén me convidou a señora garza e o pelicano, pero díxenlles que non. Como verá, non podo rechazalos a eles e agora quedar con vostede. Ademais, téñome que ir.

E así andaba.

Cando se comezou a pór o sol, emprendeu o camiño de regreso a casa. Nestas que ía camiñando e de pronto esfondouse o chan que estaba pisando. E non sabía nin cómo ( máis ben de cú) nin cara onde ía. E alá vai a vella arrolando costa abaixo, pegando brincos, pinchacarneiros, voltas, reviravoltas e volteretas.

Cando parou estaba máis mazada ca un polbo, e tiña uns croques na cabeza que non se contaban cos dedos das mans ( nin dos pés).

Atopábase nun lugar escuro, coma unha cova. Púxose en pé e comezou a andar, buscando unha saída. Íase apoiando nas paredes para non se perder. Xa levava un bo anaco camiñando cando veu algo de luz. Agora xa se vían as paredes, e polo visto alí había abundancia de percebes.

- ¡Vaia festa que facía eu aquí! - dixo para si.

Probou a soltarse da parede a ver se podía terse en pé, pero nada máis separa-la man volveu a zoupar. Aínda estaba moi magoada. Seguíu camiñando apoiada contra a parede da cova

cando, de súpeto, dixo unha voz :

- ¡ Ai! ¡ Díaño de vella! ¡ Xa me estragou a cuncha a condeada! ¡ Se xa sabía eu que hoxe non era o meu día de sorte!
- ¿ Quen fala? - preguntou asustada Isolina- ¿ quen anda ahí?.
- ¿Quen vai ser?- dixo a misteriosa voz- ¡Eu!- ¿Non me ves?. ¡ Estasme esmagando coa man!
- Eu só teño na man unha presa de percebes.
- ¿ Parecéche pouco?. ¡ Mira para eles! - e botoulle a lingua.
- ¡ Arrea! - berrou a vella, sorprendida ó ver un percebe parlante -. Mira que che teño visto cousas raras, pero coma esta ...
- ¿ E que?. ¿ Que che parece se nos soltas?.
- Si, si, como non, pero ... ¿ é que falades todos? .
- Non. Só eu, pero eles seguen sendo os meus compañeiros de piña. ¿Non si?.
- Home, si, perdoa. E... ¿ como te chamas?.
- Eu son Eugenio. Este do meu lado é o Marcos; éche un caralleiro; o de máis alá é o Roberto; sempre está moi calado; aquel gordiño e baixo é o Toniño, e este pequerreño é Xanciño. Encantados todos de coñecerte. Ti es ...
- ... Isolina. “Iso” para os amigos. Encantada de coñecerte eu a ti tamén.

E déronse a man. Ben, a cuncha. Ben, cada un deu o que poido ( coma na recolección de cartos para as festas) . Daquela fixéronse amigos.

Pasaron moito tempo xuntos: tardes xogando á baralla, ó mus, contemplando o mar, falando das súas cousas... Foron moitos anos de amizade.

Pero chegou unha idade na que Isolina foi demasiado vella para visitar a Eugenio. Xa non estaba para eses trotes de baixar covas escarpadas, etc... E como Eugenio, ben,

como todos sabemos, os percebes falan, pero non poden andar, así que non podía visitar a Isolina.

Pero tranquilos, non choredes, seguiron sendo amigos e comunicábanse. ¿ Que como?

¡Pois como vai a ser!. ¡ Como a xente normal!: ¡ por carta! .Si, si, por carta. Isolina metía a carta nunha botella, púíalle a dirección, botábaa ó mar e listo. E Eugenio, o mesmo. Como “Iso” vivía xunta o río ... Non é nada do outro mundo escribir cartas en botellas. ¡Ca!.  
Pois si, foi unha bonita amizade, e aínda o é, así que, se atopades unha botella que poña:

Eugenio Crustáceo Exquisito

Cova da auga salgada, piña 9 , apartado 1

Cantil do Ortegal , Galicia

... ou ...

Isolina Xanoné Solitaria

Casa do río

Ortegal, Galicia.

... non a collades, pois estariades interferindo unha gran amizade, ademais , ¿ que vos importa?. Non se lee o correo alleo.

¡Ah!. Case se me esquece. Se algún día , paseando por un cantil, caedes nunha cova ( se sobrevivides á caída), e topades cun percebe parlante, tratádeo ben, e, por favor, comunicádemo por carta. ¿ Que cal e a miña dirección?.; Estariamos apañados se volo dixese;. ¡ Non vos importa!. Mandade a carta por correo mariño.

**DAVID VILELA FREIRE**

**4º ESO**

**IES CEDEIRA**

## *Terceira premio de narrativa*

### San Marcos

A festa de San Marcos celébrase o 25 de abril na pequena, pero culta parroquia de Senra, no municipio de Ortigueira. É unha das feiras máis antigas de España. Lembro cando ía co meu avó e os seus compañeiros á feira. Alí ía xente de todo o país a mercar cabalos e a pasar un día de xolda. A min prestábame ver os mozos coidando dos cabalos dunha forma tan xeitosa, aínda que cobraran por eso.

A feira duraba dous días. No primeiro, sempre se vendían os cabalos co mellor dentame, os máis fortes e rexos; os peores quedaban ata o segundo, chamado tamén día das Maulas, no que algún tratante ,se cadra ,conseguía algún bo. Había xente que aínda lles poñía dentes postizos ou llos pintaba para que pagaran máis por eles.

Ás sete da mañá dábase a primeira misa, á que acudían os compradores para empezar a tomar “contactos”.

Lembro que un ano voou o manto á Virxe e quedou espida, preparouse un rebumbio... Era gracioso ver a cara que tiña o cura, e ver como unha multitude de xente corría atrás do manto coma si estiveran tolos. No momento no que voou o manto escoitouse un redondo “¡Ooooooh!, ¡loado sexa Deus!”. Foi o ano que mellor o pasei.

Ó saír os mozos, trouleaban nas atraccións ou nos teatros de marionetas, ou ben daban un paseo para ver se atopaban algunha moza...

Lembro que ata oito días antes da feira, se dabas una volta polos arredores, xa vías algún xitano preparando seu posto de xoguetes, cestos e todo tipo de argalladas.

Tamén viña xente dende Valencia para vender as súas laranxas.

Despois de comer sempre facían carreiras de cabalos, ás que meu avó tiña moita afección. Todo o mundo estaba esperando desacougado o momento en que chegaban á meta, no que se pasaba dun quedo silencio a un rebumbio e uns berros desgarrados, ben

para recibir as ganancias das apostas ou ben para ter discusións entre os perdedores, entre os que adoitaba estar meu avó.

Moitos dos cabalos que corrían mercáranse noutras feiras e eran vendidos alí. Cubríanos con telas de cores, lazos ou mesmo lles facían trenzas na cola.

Na cea do día anterior sempre contábamos contos de cabalos. O meu pai díxome que caera dun e quedara enganchado polo estribo, foi a rastro coma cen metros.

A noite anterior pasábaa practicamente en vela cos nervios e contando os cartos que meu avó me dera para mercar churros ou lambetadas.

Pola mañá espertaba ás sete, tomaba o meu ovo, os meus torresmos, o xamón, collía la botella do viño, o chufasqueiro e las botas de goma, -porque xa se sabe: “en abril augas mil”- e ía co meu avó.

Dende a miña casa xa se oía o balbordo, e eu ía correndo a ver los cabalos mentres que meu avó buscaba os seus compañeiros. Moita xente convidábate a montar, pero a mín metíame moitísimo medo, e máis despois de escoitalas historias da noite anterior. Meu avó sempre me dicía :”ti nunca te montes nesas bestas inmundas e indomables rapaz, e menos sen estar eu diante, ¡non vaia ser o demo!”

Na feira sempre coñecías rapaces novos, coma Taichú, un rapaz de Valencia. Tódolos anos faciamos algunha trasnada, como roubar churros ou tirar pedras ós marionetas.

Quedaba co meu avó para comer nunha casa na que daban as comidas típicas desa romaría: cabrito asado, callos ou marisco. Eu só comía os garavanzos dos callos e gardaba as pinzas dos lumbrigantes para dar beliscos cando había moita xente. Taichú, que sempre ía comigo, un día deu un belisco tan forte que o home dixo: “¡Serás fillo de puta!”. Saíamos correndo coma raios e nunca nos pillaban.

Despois de comer íamos dar una volta polos fermosos camiños de area, rodeados dunha vizosa e colorida vexetación, que agora por desgracia foi substituída polos eucaliptos. O derradeiro día pola noite, cando se ían todos, sempre me facía una foto co meu avó e os seus compañeiros “na sorte do paxariño”, que era un home que facía fotografías e chas daba ó momento, despois dun laborioso traballo de “mete-saca” nun balde cun líquido estraño. Eu xa non vivo alí, pero sempre que podo vou, pois tráeme moitas boas lembranzas da miña infancia, ¡que tempos...!

Segundo me conta meu avó, este ano non a pensaban facer pola falta de cartos, pero ó final fíxose, aínda que non foi tanta xente coma outros anos.

Convídevos a todos ó “San Marcos 2002, odisea entre os cabalos”, e se non o pasades ben, denunciádesme.

**RODRIGO NIETO GARCINUÑO**

**3º ESO**

**IES ORTIGUEIRA**



## *Finalista de narrativa*

### A MAXIA DO ORTEGAL

O día dezasete de maio de mil novecentos noventa e oito , Andrés, Xiao e Bartolomé decidiron facer unha viaxe por todo o Cabo Ortegál . Saíron de Cariño sobre as doce da mañán , e comezaron a súa camiñata ata San Xiao , que sería o primeiro lugar que visitarían .Mentres que subían ían observando a vexetación e paisaxe que nesa zona se atopan , tomaron algunhas fotografías para lembrar un dos sitios máis bonitos que viran en moito tempo . Cando chegaron a San Xiao , fixeron unha parada para xantar ; visitaron a capela, na que lle pediron a San Xiao que os axudase na viaxe , e beberon auga da fonte que alí se atopa. No camiño ata o Cabo Ortegál , colleron unhas flores que lles chamaron a atención xa que nunca as viran noutro lugar. Unha vez no Cabo , observaron o mar , os tres agillóns e o faro e tomaron algunhas fotos . Logo , partiron cara a San Andrés , en especial Andrés estaba moi emocionado , xa que tiña unha irmá enferma ,e tiña a esperanza de que ó visitar San Andrés , se curase a súa irmá e así voltase a felicidade a súa familia. Foron camiñando e atopáronse cos aeroxeneradores , que aínda que lle quitan algo de fermosura a paisaxe , dánlle unha utilidade ós ventos que alí se dan .Viron como os animais se gardaban do sol debaixo dos aparatos e escapaban coa súa presenza preto deles. Chegaron a San Andrés e xa eran a seis da tarde , estaban moi cansados de andar todo o día , pero a súa camiñata foi recompensada ó chegar a San Andrés: O primeiro que fixeron foi mercar algúns recordos , que tiñan grabado un dito popular : “A San Andrés o que non vai de vivo unha vez vai de morto tres”; con ese recordo demostrarían que conseguiron chegar á meta que eles marcaran . Logo foron ata a Igrexa e prenderon unha vela para dálle as gracias polo ben que o pasaran . Pero antes de marchar cara a súas casas , foron a fonte dos tres canos , e beberon un pouquiño de cada cano e formularon un desexo . Andrés sacou a flor que collera no Cabo e mollouna nos tres canos da fonte , pedíndolle que por favor a súa irmán se curase. Xa na casa Andrés entregoulle a flor que atopara no Cabo e que mollara na fonte de San Andrés. A irmán púxose tan contenta que cada vez que miraba para a flor sentíase máis feliz e así cada día ata que se foi curando e toda a familia se puxo moi feliz .

**NADIA ESCOURIDO QUINTIANA**

**4º ESO**

**IES CABO ORTEGAL**

## Finalista de narrativa

### O que ó Ortegá vén con cariño volve

Corrían os anos 50, despois da nosa aventura polas Américas, de pasar esas monstruosas tormentas perdidos no mar na busca dalgunha captura de peixes para poder vender e levar algo de diñeiro para as nosas casas, o único que desexabamos era chegar canto antes ó noso país, á nosa España: o océano Atlántico podía converterse en algo horrible, aínda non sabía como ía dicirlle á miña nai e ó meu sobriño que o seu fillo e o su pai non ía regresar, non podo olvidar aquela tormenta na que vin por última vez o meu irmán, a cara do resto da tripulación, aterrados todos polo que anque non quixeramos recoñecer ía suceder: o mar é o que fai que sigamos vivindo, pois dános o alimento e o diñeiro para as nosas familias, pero tamén separa vidas e destrúe familias.

Para todos esa noite xa pasou, anque na maioría de nós segue viva nas nosas mentes. É algo do que non falamos e damos grazas a Deus por estar aquí rumbo cara a nosa terra e, o máis importante, vivos.

Coa telefonía estropeada e o casco do barco case desfacéndose teremos que realizar unha parada na península antes de continuar cara a nosa illa. Deben de estar todos moi preocupados no barrio, pois levan un mes dos tres que levamos no mar sen teren noticias nosas; ninguén pode imaxinar o que botamos de menos esa caloríña de Palma, as ensaimadas que fai Luisa, a panadeira do barrio, e a comida da casa, do país: a verdade é que ó estar tanto tempo fóra, démonos contada sorte que temos en vivir en España.

Témome que teremos que retrasar aínda máis a nosa chegada, ó fogar O capitán acaba de informarme que o tempo segue en contra, nosa e icon esta néboa!, teremos que diminuíla velocidade. A verdade é que pouco me importa retrasarme un pouco máis pois ninguén me espera na illa a parte dos meus pais e o meu sobriño, e non quero imaxinar o día que lles teña que informar da terrible traxedia.

Os días pasan lentamente aquí tirado no catre, os mariñeiros non saben que facer, algún dorme todo o día, outros Baleiran os cartóns

de viño e os barrís de cervexa e outros pasean pola cuberta esperando ver terra: pero o peor que levamos e a escaseza de alimentos, moitos botáronse ó tabaco que compramos para todo o ano. Agora teremos que cambiarlle o nome a Gordi, o cocíneiro, pois estase quedando nos ósos.

Estamos todos moi nerviosos, pois despertáronnos os máis madrugadores, quen subiron á cuberta e gritaron terra. ¡Terra! ¡Terra! ¡Por fin!, ¿onde estaremos? Pregunteime, levanteime moi apurado, tanto que subín á cubierta sen pantalóns e facía un frío que pensei que en vez de chegar a España tomáramos rumbo equivocado e chegáramos a Irlanda: pero non era España, iso que víamos moi ó lonxe era Galicia, estaba ó norte do país e xa oíra falar que non facía moi bo tempo.

A verdade é que tiñamos sorte porque o motor case non andaba e senón fose porque as correntes estábano noso favor non sei que íamos facer.

Non sei que ocorre porque hai moita xoldra no barco debe de estar a tripulación moi nerviosa. Irei a ver. Felipe está a chorar, Felipe é o máis xove do barco e ponse moi nervioso por calquera cousa, pero esta vez tiña motivos, o barco estábase enchendo de auga por culpa dun buraco que tiña: estabamos a fundíndonos, pero uns barcos que estaban faenando cerca dali víronnos e viñeron na nosa axuda.

A xente dalquel lugar chamado Cariño, correspondía ó seu nome. Cariño estaba situado ó norte da península, nun lugar chamado a zona do Ortegal, onde se xunta as augas do océano Atlántico e o mar Cantábrico, un lugar marabilloso.

As familias dos mariñeiros que nos salvaron a vida acolléronnos nos seus fogares e pasaron moito tempo ata que puideron saber de nós na illa de que estabamos vivos. Nese tempo a xente do Ortegal comprounos roupa e alimentounos, por suposto nós tamén contribuimos en algo, cousa que non olvidarei na vida, íamos ós percebebes, alí no Cabo Ortegal danse para mín os mellores percebebes que hai no mundo. Os percebeiros da vila enseñáronnos o oficio e nós axudábalos a recollelos das rochas e despois vendíamolos na lonxa a moi bo prezo.

Tamén foi aquí onde coñecín a que é agora a miña esposa e a nai dos meus fillos, cando volvían despois de dez anos de deixar Galicia e

*regresar a Mallorca. Pois despois daquela experiencia a xente do Ortegal adoptáronnos como os seus fillos.*

*A vida nesta rexión é marabillosa, as súas paisaxes e xente que vive da terra e sobre todo do mar saben sacar todo o bo da natureza. Para min é unha honra dicir que son galego, un galego adoptivo, e sobre todo dicir que son fillo do Ortegal, pois a que é agora a miña xente salvoume a vida no pasado. E paréceme algo asombroso que vivindo no mesmo país as nosas rexións sexan tan diferentes e que é que o cocido e os seus deliciosos pratos galegos non os cambio por unha boa ensaimada. Galicia enxebre e agora entendo o ler os poemas de Rosalía a morriña que deberon sentir tódos os que emigraron desta terra.*

**TANIA PAINCEIRA VIZOSO**

**1º BACH**

**IES CABO ORTEGAL**

## *Finalista de narrativa*

### ANDURIÑA

Alí onde todo é paz, onde o aire me bate na cara, onde as ondas me fan lembrar que son donas e señoras de todo o que fan. É aquí onde sempre recordo que os meus non son problemas, problemas son os de aqueles que non voltaran máis. Sen embargo, é aquí a onde vou cando quero lembrar o que levo no corazón, o que me fai chorar.

Cando vexo as 3 donas tan erguidas, sen inmutarse, danme forza para seguir adiante.

Quixera transmitivos o que é o Cabo Ortegal:

1. A punta máis setentrional da Península Ibérica.
2. Os cantís máis altos de Europa.
3. Lugar onde se atopa aínda o mimeral chamado dunita.

Pero aínda a pesar de que todo isto é importante, para min o máis significativo é que cando vou a visitalo parece que o meu espírito se modifica, quizais esto sexa porque sei o que significa para os mariñeiros e eu veño dunha familia mariñeira.

É o último punto, que vén significar o "adeus" á terra cando parte, e o "boas" cando retornan.

Aínda que este lugar é fermoso para os mariñeiros que pescan alí, é a cara e a cruz dunha mesma moeda (morte/vida). A morte porque alí é onde se xogan a vida, arriscándose para gañar o seu pan e manter unha familia. A vida: porque significa ter casa, alimentos para os fillos, traballo, ánimo de espírito...

Coñecido en tódalas partes do mundo por ser ruta de transatlánticos, tódalas rutas a América pasan por aquí.

É unha beleza ver como se xuntan o Océano Atlántico co Mar Cantábrico, ver as súas augas mesturadas nunha, as súas distintas tonalidades azuis fan que sexa unha femosura

indescritible tanto ó amencer como no solpor. É unha paz inmensa a que se sente, parece coma se estiveses voando por riba das augas, coma se foses un páxaro que quere bicar a auga, mestúrase na súa espuma, azul clara, azul oscura, branca forte, branca débil suben, suben... querendo bicar o ceo.

Voltando os meus pasos cara á vila comezo a camiñar, na ladeira esquerda unha pequena capela, acabada de restaurar, é SAN XIAO DO TRÉBOL. Sigo o meu camiño e comezo a ollar unha inmensa brancura que define o lugar, ó fondo volvo a ollar o azul intenso do mar, "CARIÑO" xa o seu nome indica o que te vas atopar. As típicas rúas encostadas, as casas todas xuntiñas, a xente tan agarimosa e alegre, o seu porto, os seus barcos esperando para saír ó mar...

O centro neurálxico "o porto", onde homes, mulleres, nenos... fan a súa vida: traballan, divírtense, falan...

O porto de Cariño é moi bonito, lugar de encontro da xente que vai pasear fins de semana; pala semana os mariñeiros venden o peixe na lonxa, é cando hai máis movemento. Alí véndese todo tipo de peixes: sardiñas, pescadas, rinchas, polbo... e moitas cousas máis. Os percebes son moi bos e moi grandes e a case todo o mundo lle gustan, din que os mellores de Galicia són os do Cabo Ortegal.

Aquí é onde esperamos a xogada dos nosos seres queridos, onde comentan as faenas, onde se saben as novas máis recentes.

Centro de paseo no verán e de gran importancia sentimental, relixiosa... O 16 de Xullo é a FESTA DO CARMEN; é de gran importancia para os mariñeiros; o día anteriorengalánase os barcos, prepárase as andas, adórnase a Virxe e faise unha procesión con ela ata a lonxa. Con moita devoción, bágoas nos ollos e amor profundo e verdadeiro os mariñeiros e as súas familias róganlle á Virxe. Vaia frío, calor, choiva, neve, haxa temporal... A Virxe sae o 16 ó mar.

Recordo hai uns anos que, debido a unha forte marexada o práctico, o comandante de navío da mariña, ocura... impediron a saída ó mar. Ese ano foi nefasto, non houbo pesca, houbo mala sorte e os mariñeiros fixeron a promesa oficial de que nunca máis isto ocorrería.

Chega o gran día, toda a xente vai para o porto; onde comeza a procesión, a xente que non poida ir séguea desde o porto, San Xiao ou o cabo( cando os barcos non se ven). Cando van dar avolta ós 3 aguillóns a xente volta a baixar. Cando chega ó porto báixana con moito coidado, e fan a procesión ata a igrexa. Nela, cando se chega á Cova, páranse os barcos e tíranse os ramos con flores en lembranza da xente que morreu alí; ou en calquera parte do mar; prégase pola protección da Virxe. É moi emocionante a Salve mariñeira que se vai cantando durante toda a procesión. Todos os mariñeiros cántana con gran ilusión.

Dende hai uns anos para acá incrementouse os turistas. Nesta vila da ladeira do mar, os veraneantes veñen a coñecer a zona, ver as paisaxes e a degustar os produtos típicos da nosa zona. Esta vila con grandes contrastes, xa que, é monte e mar, hai un feixe de restos arqueolóxicos( mámoas, casros, cruceiros, pazos, hórreos, fontes, pontes...) En estado enxebre, a natureza é salvaxe, as praias non están saturadas de xente e todo e tranquilidade. Temos paisaxes de monte: A Serra da Capelada, con merendeiros, vistas ó mar, parapente, rotas que se poden facer a pé ou en Quarks...

Estar en Cariño é sinonimo de estar na túa propia casa, a xente coñecéndote ou non saúdate, convidate ofrécerche as súas cousas, é algo así, se estiveses coa túa familia, ninguén se sente estraño; eso sí, se te atopan nun renuncio, rematou.

Contamos cunha praia en Cariño dividida en dúas partes: A Basteira, e A Concha. O Peiral utilízase cando a marea está

baixa; cando está alta non se pode acceder a ela. Na parroquia da Pedra atópanse dúas: Fornos, e a única praia dentro da ría, Figueiras. Nas parroquias de Sismundi e Feás hai praias formando parte da ría de "Ortigueira".

Pero non todo na miña vila é marabilloso:

A maior parte dos cursos dos ríos están sen limpar.

A "Caleira" onde desemboca o río Lourido hai contaminación coma tamén no río Seixo (Feás), que tamén contamina a ría, resultando prexudicial para o marisqueo.

Esta é a miña visión, un tanto deformada, polo gran amor e paixón que teño por ela.

**KARINA PEDRE GALDO**

**3º ESO**

**IES CABO ORTEGAL**



## Finalista de narrativa

### *NON ESTIVO NADA MAL*

Este verán meus pais, as miñas irmás e mais eu, pasámofo en Cariño, seguindo o consello dun amigo noso, que quedara encantado anos atrás. A verdade é que nun principio, non me disgustou demasiado, pero no decorrer dos días maldicín máis dunha vez ó amigo que nos aconsellara a visita, xa que non paraba de chover e ¡ co ben que estaríamos nas Rías Baixas... !

Pero aí polo quince de Xullo, coa chegada das Festas do Carme, a cousa cambiou. Eu son do interior e non coñecía este tipo de celebracións, e moito menos o seu significado. O primeiro dos días fomos a unha multitudinaria procesión, monótona e aburrida, aínda que á noite mellorou. ¡ É increíble o ambiente que aquí hai !. O gran acontecemento chegaría á mañá seguinte : unha procesión en barco, a máis longa de toda España. Nunca montara en barco e estaba ansioso. Cando por fin embarquei esa ansia tornouse en medo e mesmo estiven a piques de botarme atrás. O barco soltou amarras , e comezou a navegar cun ritmo lento, sorteando, aínda no porto, a un gran número de embarcacións. Dende a lonxa meteron a Santa a bordo e cun prolongado e sonoro toque de serea, comezou a viaxe.

O día estaba fresco e cedo notamos o vento que picaba o mar de forma infernal. O barco deulle avante a toda máquina e empezou o " sube e baixa " . Era impresionante xa que colliamos unha onda e elevabámonos ata unha altura de vértigo, e logo o casco deixábase caer afundindo a quilla na auga. A cousa íase poñendo a peor segundo nos alonxabamos, e o avaneo era agora tan intenso e brusco que entraba auga pola proa, onde nós íamos sentados cos pés fóra.

A anegada foi criminal, mesmo parecía que nos bañáramos, pero lonxe de mudar de sitio, seguimos alí, desexando que a seguinte onda nos mollase aínda máis. A parte " heavy " da viaxe rematou pouco despois, cando o capitán reduciu a marcha á altura de tres enormes e esculturais picos que sobresaían espectacularmente do

mar : eran os Tres Aguillóns. A comitiva detívose fronte ó Cabo Ortegá. ¡A paisaxe era de escándalo ! Impoñía a esaxerada altura dos empinadísimos cantís e a forza coa que as ondas golpeaban as rochas, o son do vento... A verdade é que quedei abraiado e con medo no corpo, o que máis desexei foi estar de volta para poder ir alí por terra, contemplar a paisaxe dende arriba e saber o que se sente ó asomar a cabeza ó baleiro desde tan mareante altura. Trala tradicional afrenda floral, puxemos rumbo ó porto, non sen antes, e nun par de ocasións, ter que asomar a cabeza a estribor para botar pola borda parte do almorzo. A recepción foi apoteósica , o peirao estaba cheo de xente e en canto desembarcamos a festa seguiu. Había orquestras, bandas, gaiteros, e a singular “ Danza de Arcos “ que realizou un curioso baile que deixou marabillado a gran parte do público ... Os festexos matutinos remataron, xa era a hora de xantar, e mentres intentabamos avanzar entre milleiros de persoas, pensei que a terra se viña abaixo. Un terrorífico estrondo deixounos a todos inmóbiles. Tratábase dunha colosal traca pirotécnica, que se prolongou durante máis de seis minutos ; o ruído era tan atronador, que as famosas tracas Valencianas quedarían no máis absoluto ridículo .

Tras xantar decidín ir botar a sesta : entre os mareos e a noite anterior, o corpo xa non estaba para moitos trotes. Despois de case seis horas espertei, e en acabando de cear reuníme cos meus colegas. A noite foi ¡ bestial ! , non se cabía en ningures e había marcha a tope. Aí polas cinco fomos para a discoteca e do que pasou despois, non sei o porqué, xa non me lembro moito.

Pablo Piñeiro Rodríguez

1º B.A.C.H.

I.E.S. CABO ORTEGAL

## Finalista de narrativa

### O EXILIO

Comeza un novo día, as raiolas de sol fíltranse polas regañas das contras da miña habitación, entreabro os ollos e podo distinguir as caprichosas figuras formadas pola luz do mencer, inmersas nunha penumbra espesa pero acolledora. Érgome deixando a cama quente pola humidade do fogar, unha terrible angustia percorre todo o corpo ó ver a miña nai recollendo todas as pertenzas da familia, a súa mirada abrumadora fíxase en min e cun terrible berro infórmame de que imos marchar da vila no primeiro barco que saia posto que a guerra, que por daquela invadía o país, pronto chegará ó lugar. Miña nai era unha muller consumida pola pobreza, sempre mal vestida, parecía que o seu corpo estaba constituído por máis ósos do normal, era unha muller triste e depresiva, o abandono do meu pai marcouna levando do seu corazón a parte doce e deixando só a parte amarga. Nos poucos anos de consciencia que levo vivido nunca a vin sorrir.

Chegamos ó porto, eu agarraba canto podía a man do meu irmán mentres que miña nai tiraba de nós coa mirada perdida nas embarcacións buscando algún barco que nos puidese salvar dunha morte segura.

Por fin, diríxese a un mercante atracado ó final da longa pasarela de cemento e subimos. Aqueles homes robustos e coa barba de dous días producíanme arrepiós e pola mirada desesperada de miña nai non era moi difícil percatarse de que non era do seu agrado ir con aqueles homes maleducados tanto tempo, pero non podía facer outra cousa. Estiven un longo cacho falando, ata que o home lle dixo que Zarpaban despois de xantar.

Cando puidemos ver a nosa terra ó lonxe observei como a muller que me agarraba da man suspiraba tranquila, pero con cansazo e tristura. Cando aquel barco Zarpou do lugar converteuse nun símbolo que para min personificaba a fuxida, algo que levaba facendo desde que teño uso de razón.

Adentrámonos nas adegas onde colocaron un montón de palla para que puideramos descansar; aínda non se agochara o sol cando vin a uns homes que levaban á miña nai. Eu, impotente, fíxenme a

durmida, despois, incapaz de pechar os ollos, saín á cuberta e a mirada fundíuseme ó ver o ocaso que tinxía de laranxa o mar, dúas bagoas escapáronme dos ollos ó sentir ós homes rir e á miña nai chorar, naquel momento unha forza interior impulsábame cara o mar pero a conciencia fíxome ver a realidade na que me vía sumerxida, non podía facerlle cargar á miña nai con outra desaparición máis, non o aguantaría.

Os fortes ruídos dos mariñeiros espertáronme pola mañá, virei a cabeza e puíden ver a figura de Aurora, a miña nai, abrazada ó meu irmán. Tiña a cara desfigurada e os ollos vermellos e inchados de tanto chorar. Erguémonos, pero non nos movemos do lugar. Os vindeiros días transcorreron igual, aqueles desagradables homes seguían levando a Aurora tódalas noites, ata que chegou o día que miña nai non regresou máis. Nunca olvidarei a impresión do meu corazón cando me levantei pola mañá e non a vin no sitio de sempre, o mar levara a persoa da que máis aprendera e que ata o momento era o motivo da nosa supervivencia.

O resto dos días foron un calvario, non nos dabah de comer e obrigábanos a realizar traballos moi duros.

O sentimento de saudade comezaba a invadir todo o meu ser, as nubes no horizonte parecíanse ás palabras da miña nai, tenras e firmes, espectaculares e bonitas. Tódalas noites despois de cear dedicáballe uns minutos do meu pensamento a lembrar o país que acababa de abandonar, a simple idea de non volver producíame unha sensación como se algo me impedira respirar con tranquilidade, os ollos enchíanseme de bágoas e o rostro parecía a dunha anciá en vez do dunha rapaza de dezasete anos. Non entendía porque tiña que abandonar aquela terra, eu non fixera nada malo, pero se eu non o entendía máis difícil me resultaba explicarllo ó meu irmán de oito anos.

Non sei qué se cren aquelas persoas que botan as xentes do seu lugar de nacemento ou da súa patria, que as ameazan co exilio se non seguen as ideas que consideran máis axeitadas. Poida que sexa parva ou inculta pero non o entendo.

Despois dunha longa travesía chegamos ó noso destino, A Pampa, víame nunha terra estraña, sen ningunha referencia que seguir e cun neno pequeno, non sabía onde ir. O limitado dos meus recursos económicos obrigábanme a buscar traballo. Non me gustaba ver o meu irmán como un estorbo pero o certo é que o era. Despois dun longo tempo traballando no campo sentíame cansada de vivir, de vivir

explotada por un arrendatario que conseguía das presoaas a maior cantidade de beneficio, exprimilas ó máximo como se fosen laranxas dispostas a ser aplastadas por unha man poderosa . Agora sabía e coñecía por propia experiencia o que oíra na radio, aprendera o que era vivir duro e por desgracia fora obxecto do que nun principio era inverosímil para converterse na realidade do exilio. Odio a miña vida que con trinta anos non viu máis ca sufrimento e xa teño ganas do descanso eterno, ás veces tan apetecible coma o vaso de auga despois dunha longa xornada.

Parece increíble como a vida pode xirar de tal maneira desde unha felicidade hoxe moi apreciada ata a desgracia máis mísera.

Sara Salgueiro Teijeiro

1º B.A.C.H.

I.E.S. Cabo Ortegai

## Finalista de narrativa

### ORTEGAL , UN PARAÍSO

No punto onde se une o mar Cantábrico e o Océano Atlántico existe un pequeno lugar chamado Cabo Ortegál, as súas vistas cara o mar e a vexetación déixanos namorados a todos os que o visitamos. Pero este namoramento non remata aquí, se nos deixamos levar polos seus encantos e percorremos os cantís da Garita da Herveira, contemplando perfectamente como penetra o mar nas covas que co paso do tempo el mesmo foi formando nas rochas, e desviamos a nosa vista de tan preciado tesouro cara un pequeno recuncho atopámonos cun extraordinario lugar no que os seus habitantes son persoas moi sociables; este lugar é coñecido co nome de San Andrés de Teixido. O seu silencio, a súa tranquilidade, a súa historia e o seu aire puro, recendendo o salitre do mar que os ventos do Ortegál fan mover ata este acolledor santuario, lévannoa nunha nube a tempos pasados onde a vida era máis tranquila, como se foramos os únicos seres da terra.

Dende a igrexa co seu retablo, ata a súa fonte pasando polas súas casas, a calzada e a senté dános unha visión de San Andrés como un pobo milagreiro onde todo o que lle pides ó santo se nos poida conceder. Todo é un paraíso no que os teus soños se poden facer realidade e o teu enfado se pode converter nunha verdadeira felicidade.

María Garrote Díaz

2ºB.A.C.H.

**I.E.S. CABO ORTEGAL**

# *Accésit de fotografia*

*Roberto Soto Rey  
IES Ortigueira*

## **RIO SOR**





EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA